

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E ASOCIACIÓN SAÚDE MENTAL FERROL, EUME, E ORTEGAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CONSTRUCCIÓN DUNHA UNIDADE RESIDENCIAL PARA PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegál o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2023 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia das actuacións que a Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegál ten previsto desenvolver durante o ano 2023 para a execución do proxecto básico e de execución da construción dunha unidade residencial para persoas con enfermidade mental.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O proxecto contempla a construción dunha Unidade Residencial para persoas con enfermidade mental, de 25 prazas.

Para iso, no edificio dispórase de zonas comúns, habitacións, locais de asistencia, locais técnicos e de servizo, zonas axardinadas e accesos entre outras.

A parte residencial estará formada por 3 habitacións dobres e 19 individuais, zonas comúns, para esparcemento e ocio, zona para taller de actividades, comedor, cociña, almacén, despachos de atención personalizada e cuartos de instalacións e servizos. Todo iso coa aparencia dunha vivenda unifamiliar na que as persoas residentes fagan unha vida o máis normalizada posible, en réxime de convivencia familiar, integrada no ámbito comunitario e nun entorno vivo próximo ós servizos sanitarios e outros servizos sociais.

O interese público, así como o carácter eminentemente social das medidas de apoio ás persoas con enfermidade mental e ás súas familias xustifica a concesión directa desta subvención.

O interese público, así como o carácter eminentemente social das medidas de apoio ás persoas con enfermidade mental e ás súas familias xustifica a concesión directa desta subvención.

O interese público e social desta concesión queda acreditado pola necesidade de atender a un colectivo especialmente vulnerable como son as persoas con problemas de saúde



mental por parte da beneficiaria da subvención, Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegál, entidade que conta actualmente con este recursos especializado.

Trátase dun recurso na Comunidade Autónoma de Galicia que atenderá a persoas con problemas de saúde mental e por elo contará con profesionais e instalacións conforme ás necesidades das mesmas, de maneira que se estendan e garantan, de acordo co determinado no Compoñente 22 "Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de inclusión" os servizos de atención integral ás persoas con problemas de saúde mental e ás súas familias.

Por todo elo, e tendo en conta a finalidade que persigue o proxecto do Compoñente 22, recollido no referido Convenio de Colaboración do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, considérase que a entidade Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegál, atendendo ás singulares circunstancias que concorren na mesma, reúne todos os requisitos necesarios para executar o proxecto e alcanzar eficientemente o obxectivo da medida a realizar.

Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, segundo o previsto no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

